

NOTA ACLARATORIA SOBRE O CONTIDO OBXECTO DE AVALIACIÓN DOS TEMARIOS DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN E OFICIAL ADMINISTRATIVO/A POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

Por Resolución de 16 de maio do 2025, da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, convocouse o proceso selectivo pola quenda de promoción interna e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da Corporación.

No Anexo I da dita resolución de convocatoria figuraban os temarios que serven de base para a realización dos cuestionarios tipo test.

Dentro dos Temas 7 e 6 correspondentes ás categorías de Técnico/a de Administración e Oficial administrativo/a, respectivamente, consta o que segue: "*OFIMÁTICA: Procesadores de textos e follas de cálculo. Microsoft Word e Excel e LibreOffice writer e calc*".

Formulada unha cuestión sobre o concreto contido destes temas, cómpre facer esta aclaración e publicala para o xeral coñecemento de todas as persoas interesadas.

Dentro dos temas mencionados serán obxecto de avaliación os procesadores de textos e follas de cálculo coas seguintes versións:

- Microsoft Word e Excel: Microsoft Office Standard 2010.
- LibreOffice writer e calc: LibreOffice rama 24.2.

San Marcos, 25 de agosto de 2025

A Dirección do Departamento de Xestión das Persoas



CORPORACIÓN
DE SERVIZOS
AUDIOVISUAIS
DE GALICIA
Departamento de
Xestión das Persoas

Víctor Tubío Villar

